

# O verbo (2)

O modo verbal indica a actitude do falante.

- **Modo indicativo.** Expresa unha acción real: *Teño sede.*
- **Modo subxuntivo.** Expresa dúbida, posibilidade ou desexo: *Oxalá atopemos unha fonte!*
- **Modo imperativo.** Expresa unha orde ou petición: *Bebe de aquí. Por favor, dáme auga.*

1. Copia as seguintes oracións e subliña os verbos:

- Subimos ao pico máis alto da serra.
- Talvez atopemos cervos polo monte.
- Pon o abrigo.
- Quizais poidamos ir de excursión a próxima semana.
- No alto da montaña vai moito frío.
- Baixade con coidado!
- Clasifica os verbos subliñados segundo o seu modo.

Indicativo	Subxuntivo	Imperativo
...	...	...

### Lembra

As formas verbais non conxugadas son o **infinitivo** (*andar*), o **xerundio** (*andando*) e o **participio** (*andado*).

2. Completa este cadro coas formas que se indican do verbo *cantar*

<b>INDICATIVO</b>	Presente: eu <i>canto</i> Pret. imperfecto (copretérito): <i>ti ...</i> Pret. perfecto (pretérito): <i>el ...</i> Pret. pluscuamperfecto (antepretérito): <i>nós ...</i> Futuro: <i>vós ...</i> Condicional (pospretérito): <i>el/es ...</i>
<b>SUBXUNTIVO</b>	Presente: eu <i>cante</i> Pret. imperfecto (pretérito): <i>ti ...</i>
<b>IMPERATIVO</b>	... (ti) ... (vós)

En galego non existen tempos compostos.

